

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2015 pola que se convoca a xornada denominada Harmonización fiscal.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2015 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase a xornada Harmonización fiscal, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

No proceso de construción da Unión Europea asistimos a un avance na integración monetaria, non así noutros ámbitos tales como o da institucionalización política e a harmonización fiscal. O que no seu día se chamou «método Monnet» de construción do proceso de integración europea parece esgotado, pois a técnica funcionalista baseada na idea de que os pequenos pasos na integración dos mercados levaría consigo a integración institucional e política, non funcionou como se esperaba.

As tensións e desequilibrios que os distintos países europeos viviron como consecuencia da última recesión económica, pon en evidencia que só a política monetaria non pode corrixir os shocks idiosincráticos dos países membros. A falta de integración fiscal produce desequilibrios cando temos unha soa moeda e dezaioito políticas fiscais diferentes, o que exacerba o risco de contaxio de tensións que se poidan producir nos mercados de débeda e, con iso, a supervivencia da propia moeda única.

Esta xornada pretende poñer o foco no debate aberto sobre estes aspectos.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A harmonización fiscal europea.
- A harmonización fiscal na UE. O estado da cuestión.
- É posible continuar coa UE sen unha verdadeira unión política?



– Máis alá da Unión Monetaria: a harmonización orzamentaria, fiscal e económica.

– A fraude fiscal na Unión Europea.

3. Destinatarios.

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica coma local e de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Data: 28 de abril de 2015.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 6 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 11.00 horas do día 27 de abril de 2015.

Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41-981 54 62 39.

7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.



8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada entregárase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas; para estes efectos, todos os alumnos deberán identificarse nos preceptivos controis de asistencia. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2015

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

